



## Formación profesional

# Adaptación na programación para a finalización do curso 2019-2020

### Centro educativo

Código	Centro	Curso académico
15025530	IES Pobra do Caramiñal	2019-2020

### Ciclo formativo

Código	Nome
	CM Coidados Auxiliares de Enfermería

### Módulo profesional

Código	Nome
	Técnicas de axuda odontolóxica/estomatolóxica

### Alumnado

Réxime	Modalidade	Grupo
Ordinario	Presencial	

### Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos)

Nome e apelidos
Marta Lorenzo Rivadulla

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020, nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.



## 1. Criterios de avaliación do terceiro trimestre afectados (por cada unidade didáctica)

### 1.1 Identificación da unidade didáctica

Nº	Unidade didáctica		
5	Materiais dentais		
Resultado de aprendizaxe		Criterio de avaliación	Imprescindible (sí, non)
RA1: Identificar os diferentes tipos de materiais dentais segundo o seu uso específico.		Identificáronse os materiais dentais axeitados para cada técnica así como o seu uso.	S
RA2: Analizar os procedementos técnicos necesarios para a preparación e conservación de materiais dentais que permitan a utilización ou aplicación directa polo facultativo.		Preparáronse correctamente os materiais dentais necesarios para realizar as diferentes técnicas dentais.	S
Nº	Unidade didáctica		
6	Prevención bucodental		
Resultado de aprendizaxe		Criterio de avaliación	Imprescindible (sí, non)
RA6: Valorar as necesidades de cuidados físicos e psicolóxicos e seleccionar a técnica de apoio máis adecuada segundo o tipo de paciente.		Definíronse as diferentes técnicas de cepillado e elementos necesarios.	S
		Aplicáronse diferentes técnicas de cepillado.	S
		Distinguíronse diferentes técnicas de prevención da saúde bucodental.	S
		Preparáronse correctamente os instrumentais e materiais necesarios para realizar as diferentes técnicas de prevención realizadas na clínica dental.	S

## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles son aqueles indicados como tal na programación didáctica e que poden ser desenvolvidos neste terceiro trimestre de xeito telemático. O terceiro trimestre será puntuado entre 0 e 10 puntos, en función do número de tarefas entregadas, calidade das mesmas, asistencia a videoconferencias, etc, a través do sistema de avaliación electrónica. Este terceiro trimestre pode subir entre 0 e 1 puntos a nota media, segundo acordo do Departamento.

Para calcular a cualificación final do módulo, sumárase a nota do terceiro trimestre á media acadada polo alumnado na 1ª e 2ª avaliación, é dicir, calcularase a media ponderada da 3ª avaliación e redondéase a nota:

$$XP = (N1 + N2) / 2 + N3, \text{ onde:}$$

XP= Nota final do módulo.

N1 = nota 1ª avaliación.

N2 = nota 2ª avaliación.

N3= nota do terceiro trimestre (entre 0-1 puntos).



## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

Criterios de avaliación imprescindibles (por cada unidade didáctica)

Nº	Unidade didáctica		
3	Radioloxía bucodental		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación
	X	RA8: Preparar o material e colocar o paciente para realizar a técnica radiográfica segundo o tipo de exploración.	Identificáronse as características das diferentes técnicas radiolóxicas nunha clínica dental.
	X	RA9: Explicar as normas de protección radiolóxica e utilizar os elementos de radioprotección.	Descríbironse as medidas de radioprotección necesarias nunha clínica dental.
			Empregáronse correctamente as medidas de radioprotección en pacientes.
			Aplicouse a normativa de seguridade radiolóxica

Nº	Unidade didáctica		
4	Instrumental dental		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación
	X	RA4: Identificar o instrumental dental e realizar a súa preparación, limpeza, desinfección e esterilización.	Identificáronse os instrumentos dentais axeitados para cada técnica de instrumental dental.
	X	RA7: Clasificar os distintos tipos de anestésicos utilizados en odontoloxía e describir o protocolo a seguir en situacións de urxencia.	Preparáronse correctamente as bandexas co instrumental necesario para diferentes técnicas dentais.

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que teña suspensa algunha avaliación do módulo, debe acadar os mínimos esixibles correspondentes a esa avaliación.

Para recuperar a avaliación suspensa, realizarase unha proba teórico-práctica no mes de xuño, así como tarefas de recuperación e reforzo durante o terceiro trimestre. As actividades de recuperación serán cualificadas de 0 a 10 puntos.

A nota da avaliación será:

Proba teórica: 40%

Proba práctica: 40%

Actividades de recuperación a través de Google Classroom: 20%

En caso de ser posible, as probas realizaranse de forma presencial, en caso contrario serán telemáticas.

Para recuperar a avaliación é necesario acadar unha nota mínima de 5 puntos na avaliación.

Unha vez recuperada a avaliación suspensa, para obter a cualificación final do módulo procederase segundo o indicado nos criterios de cualificación.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua terá dereito a una proba final extraordinaria previa á avaliación final do módulo. Esta proba extraordinaria consistirá nun exame que representa o 40% do módulo. Estas probas serán cualificadas de 0 a 10 puntos e versarán sobre todos os contidos do módulo.

A nota final calcularase sumando as dúas partes (unha vez aplicadas as porcentaxes correspondentes), sempre e cando se acadase a nota mínima de 5 en cada unha das partes. A nota mínima para superar o módulo é de 5.

Para superar o módulo é necesario acadar unha nota mínima de 5.



## 8. Medidas de atención á diversidade

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados